

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA  
DE 30 DE XUÑO DE 2022.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e catro minutos do 30 de xuño de 2022 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

**Concelleiros/as :**

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( ALCALDESA)  
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)  
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE).  
D<sup>a</sup> CRISTINA OTERO ALONSO ( PSOE)  
D<sup>a</sup> PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)  
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RBC)  
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)  
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)  
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)  
D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)

**Alcaldesa.-** Boa tarde a todos e todas , imos dar comenzo á sesión ordinaria do pleno de 30 de xuño de 2022.Saúdos aos que nos seguen telemáticamente.

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DAS ÚLTIMAS SESIÓN S CELEBRADAS, QUE FORON A DO 26 DE MAIO DE 2022 ( ORDINARIO ) E EXTRAORDINARIO URXENTE DE 17 DE XUÑO DE 2022..**

Non formulándose observacións, fican aprobadas.

**2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 18 de maio; unha, sobre concesión vacacións.

Do 23 de maio, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de maio; seis; unha, sobre lista definitiva, tribunal e, exame Peons GES; dúas, sobre obrigas incumpridas en xestión biomasa; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de maio; sete; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre aprobación Plan Seguridade e Saúde, Reparación Ponte Veronza; unha, sobre arquivo expte; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de maio; once; catro, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; tres, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión tarxetas verdes; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de maio, quince; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; catro, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre obrigas incumpridas en relación xestión biomasa; dúas, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre declaración de inmoables en ruína; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 01 de xuño; doce; dúas, sobre liquidación plusvalía; catro, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre obrigas incumpridas en relación xestión biomasa; unha, sobre concesión tarxeta verde; unha, sobre concesión vado permanente; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de xuño; doce; dúas, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre devolución ingresos indebidos; cinco, sobre obrigas incumpridas en relación xestión biomasa; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de xuño; seis; unha, sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre bonificación IVTM; tres, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 06 de xuño; tres; unha, sobre autorización uso campo Xestal; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xuño; oito; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión tarxeta verde; dúas, sobre obrigas incumpridas en relación coa xestión biomasa; unha, sobre requirimento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de xuño; sete; unha, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre fraccionamento débeda; tres, sobre obrigas incumpridas en relación coa xestión da biomasa; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de xuño, catro; unha, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de xuño; dez; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; catro, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre delegación de competencias; unha, sobre autorización actuación musical; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xuño; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; catro, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xuño; cinco; unha, sobre admitidos posto operario instalacións deportivas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de xuño; doce; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; catro, sobre baixa na taxa recollida lixo; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, unha, sobre adxudicación execución obra; unha, sobre unha, sobre nomeamento tribunal selección Socorrista; dúas, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de xuño; catro; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre contratación alleamento bens patrimoniais mediante concurso; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de xuño; dezanove; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; doce, dobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre contratación alleamento bens patrimoniais mediante concurso; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xuño; dezaioito; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre baixas rede sumidoiro; dez, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre adxudicación control calidade obra Mellora camiños municipais acceso a parcelas agrícolas 22-23; unha, sobre obrigas incumpridas xestión biomasa; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xuño, dez; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre concesión permiso por falecemento de familiar; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xuño; vinte e tres; catorce, sobre liquidación plusvalía; dúas sobre baixa rede sumidoiro; catro, sobre obrigas incumpridas xestión biomasa; unha, sobre bonificación tarifa parking; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xuño; tres; unha, sobre concesión permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xuño; dezaioito; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento de débeda; trece, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño, cinco; unha, sobre obrigas incumpridas en xestión biomasa; unha, sobre autorización de actuación musical; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 29 de xuño; cinco; dúas, sobre obrigas incupridas en xestión biomasa; unha, sobre anulación vacacións; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

### **3.- APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO PARA SUBMINISTRACIÓN DE RECARGA ELÉCTRICA EN PUNTOS DE RECARGA MUNICIPAIS.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de xuño de 2022 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.** Aprobar o establecemento de prezos públicos e o Acordo regulador de prezo público para recarga de vehículos eléctricos en puntos de recarga municipais, coa seguinte redacción:

#### **ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO PARA SUBMINISTRACIÓN DE RECARGA ELÉCTRICA EN PUNTOS DE RECARGA MUNICIPAIS**

Artigo 1. Fundamento e obxecto.

—Esta entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece o presente acordo regulador do prezo público pola subministración de recarga eléctrica, para os usuarios interesados en recargar o seu vehículo de motor eléctrico, en puntos ou estacións de recarga municipais.

Art. 2. Habilitación de prazas de estacionamento dotadas de estacións de recarga reservadas a vehículos eléctricos

.—A sinalización das prazas dotadas de estacións de recarga na vía pública cumpren polo menos as seguintes características:

- a) O perímetro de cada praza está claramente delimitado a través de sinalización horizontal consistente nunha liña de trazo continuo ou discontinuo.
- b) No interior do devandito perímetro indícase de forma visible e lexible desde polo menos cinco metros que se trata dunha praza reservada para vehículos eléctricos. Dita indicación poderá realizarse ben mediante a frase “Só vehículos eléctricos”, ben mediante o símbolo de vehículo eléctrico.
- c) As prazas de estacionamento están claramente sinalizadas tamén por medio dun sinal vertical informativo (un sinal de servizo, dous postes sinalizadores, ou outro tipo de sinalización vertical do estacionamento reservado) que indica como mínimo: — Que se trata dunha praza reservada exclusivamente para realizar recárgaa de vehículos eléctricos. Só poderán estacionarse vehículos eléctricos para e durante a realización do servizo de recarga. Non está permitido o estacionamento nas devanditas prazas aos vehículos eléctricos que non estean realizado o servizo de recarga así como a calquera outro vehículo non eléctrico. Para favorecer a súa rotación, nas prazas de estacionamento dotadas de estacións de recarga establécese un tempo máximo de recarga por vehículo e praza de Dúas horas diarias. Nada impide a un vehículo que

esgotase o seu tempo máximo diario de recarga nunha praza, o desprazarse a outra praza dispoñible para continuar nela a súa recarga eléctrica.

Art. 3. Feito impoñible.—Constitúe o feito impoñible do prezo público, a prestación do servizo de recarga eléctrica, entendéndose a prestación como a conexión e consumo de electricidade nas devanditas estacións así como a utilización da vía pública e a infraestrutura (dispositivos físicos) necesaria.

Art. 4. Obrigados ao pago.—Estarán obrigados ao pago dos prezos públicos quen realice a carga dos seus vehículos eléctricos nos puntos de recarga municipais.

Art. 5. Responsables.—Responderán solidariamente o pago dos prezos públicos as persoas físicas ou xurídicas ou os entes sen personalidade que soliciten o servizo. Serán responsables subsidiarios os propietarios dos vehículos cuxos usuarios estean obrigados a satisfacer prezos públicos por razón do servizo que lles benefician ou afectan.

Art. 6. Contía.—O prezo público será o seguinte:

- Puntos de recarga de 7,4 -11 kw: 0,20 euros
- - Puntos de recarga de 11- 22 kw: 0,30 euros
- - Puntos de recarga de +22 kw kw: 0,50 euros

Incluído IVE.

Art. 7. Exencións e bonificacións.—Quedan exentos do pago deste prezo público: os vehículos de titularidade municipal.

Art. 8. Pagamento.—O pagamento do prezo público nace no momento en que se solicita o acceso ao servizo ou no momento en que se realice recárgaa.

Art. 9. Normas de xestión.—Os interesados en recargar o seu vehículo eléctrico nos puntos de recarga municipais deberán acceder á solicitude a través das plataformas habilitadas tanto na web municipal como a aplicación móbil (do xestor de carga, se é o caso), identificándose e utilizando a pasarela de pago deste Concello ou entidades colaboradoras da recadación municipal (ou do xestor de carga, se é o caso). Unha vez acabada a carga, é obrigatorio retirar o vehículo, permitindo a carga doutro vehículo e en caso de non facelo, poderase multar por autoridade competente, dado que a reserva de aparcamento é só para vehículos en proceso de carga ou que non excedesen o tempo máximo marcado. As débedas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de présa, de conformidade co artigo 46.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

Art. 10. Modificación.—A modificación dos prezos públicos fixados no presente Acordo corresponderá ao Pleno da Corporación, en virtude o artigo 47.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Art. 11. Lexislación aplicable.—En todo o non previsto no presente Acordo estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo; a Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos; Real Decreto-lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación

económica e o emprego; Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; así como na Ordenanza Xeral aprobada por este Concello.

**DISPOSICIÓN FINAL .** O presente acordo regulador entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, manténdose en vigor en tanto se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**SEGUNDO.** Publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia* a efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RENC ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

**ALCALDESA.-** O PUNTO DE RECARGA ELÉCTRICA DE VEHÍCULOS FOI CONQUERIDO, DE FORMA GRATUITA, PARA OS VECIÑOS POR UNHA XESTIÓN DE ESTE GOBERNO AO PREVER O MESMO COMO MELLORA NO CONTRATO DO ALUMEADO PÚBLICO E SER OFERTADO POLO CONTRATISTA. CON ESTA MEDIDA SE DA UN PASO A PROL DUNHA RIBADAVIA MÁIS ECOLÓXICA E SOSTIBLE, E SE LLES FACILITA AOS VECIÑOS QUE QUEIRAN ADQUIRIR ESTE TIPO DE VEHÍCULOS.

Este acordo prevé tres posibilidades: lenta, semirápida e rápida, e contempla a posibilidade de futuras ampliacións . O prezo é similar ao de outros concellos. D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez ( BNG).-¿ O prezo foi consultado con empresas que prestan o servizo? É un bó servizo, non sabemos se o prezo é bó ou non. Estamos a favor.

D César Fernández Gil (PP).- Nos imos a abster. Lembrar que o grupo do PP presentou unha moción o ano pasado para pedir unha bonificación para coches híbridos e eléctricos , que sería máis positiva. Pedir que se leva a cabo esa modificación.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- O obxectivo é dobre, situar a Ribadavia como punto de paso para os condutores de vehículos eléctricos e facilitar aos propios veciños a recarga, fomentando o cambio a este tipo de vehículos. Sobre a moción presentada polo PP, a data, non hai ningún vehículo eléctrico. Esta medida fomenta máis a adquisición, é tanxible.

Sometido a votación o ditame obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RENC (3), BNG (1) , abstención PP (5), fica aprobada.

#### **4. – MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº10 REGULADORA DA TAXA DE MERCADOS**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de xuño de 2022 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa denominada mercados, engadindo no artigo 2, planta baixa un novo posto 19, antes previsto como Exposición, sen uso efectivo:

Artigo 2º. Os dereitos rexeranse polas seguintes tarifas:

Planta baixa:

Postos núms. 1,2,9 e 13 ,40,27 euros/mes.

Postos núms. 3,4,5,6,7,8, 11 e 12 ,48,08 euros/mes.

Postos núm. 10,14,15,16,17,18, **19** 48,08 euros/mes.

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo

**CUARTO.** Facultar a Sra. Alcaldesa-Presidenta para subscribir os documentos relacionados con este asunto».

Ribadavia, data da sinatura dixital.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RENC e BNG ; reserváanse para o Pleno os membros do PP . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

ALCALDESA.- HAI UNHA PERSOA QUE XA TEN UN POSTO NA PRAZA E QUERE AMPLIAR O SEU POSTO CUN LOCAL CONTIGÜO , QUE NON ESTÁ PREVISTO COMO POSTO, SENÓN COMO EXPOSICIÓN.

CON ESTE ACORDO SE PREVE UN NOVO POSTO NO LUGAR ANTES PREVISTO COMO EXPOSICIÓN, PARA PODER SACAR O MESMO A CONCURSO.

Sometido a votación o ditame é aprobado por unanimidade.

## **5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº23 REGULADORA DA TAXA DE ENSINANZAS ESPECIAIS**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de xuño de 2022 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa de ensinanzas especiais, engadindo no artigo 3 , no apartado Bonificacións:

Non residentes no Concello de Ribadavia:

a) Familia numerosa: 20 por 100.

b) 10% no importe das taxas académicas, matrícula e dereitos de examen

do 2 ou máis membros da unidade familiar debidamente acreditado

**SEGUNDO.** Expor ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, con base no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo

**CUARTO.** Facultar a Sra. Alcaldesa-Presidenta para subscribir os documentos relacionados con este asunto».

Ribadavia, data da sinatura dixital.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RENC ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG.

Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

**ALCALDESA.- MODIFICAMOS A ORDENANZA FISCAL DA TAXA DO CONSERVATORIO E DA ESCOLA DE MÚSICA PARA DAR MÁIS FACILIDADES PARA QUE A XENTE ACCEDA A CULTURA. SE PREVE UNHA NOVA BONIFICACIÓN PARA XENTE NON EMPADROADA NO CONCELLO , FAMILIAS NUMEROSAS E EN**



FUNCIÓN DO NÚMERO DE MEMBROS. Según informan os funcionarios a actual redacción daba lugar a erros.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Me parece moi ben axudar as familias con menos recursos. É un servizo público educativo, temos que estar orgullosos de telo. O custe é elevado para o concello, outras administracións deberían colaborar economicamente. O edificio precisa reformas.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Se trata de aclarar a redacción, é unha cuestión lingüística. Para o concello manter o conservatorio supón un enorme esforzo, por desgraza, en solitario.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **6.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, DO CONCELLO DE RIBADAVIA AO PROXECTO VIOPET.**

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de xuño de 2022 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.-** Que o Concello de Ribadavia adhírase ao proxecto VIOPET do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e realice accións para visibilizar á cidadanía a existencia do mesmo.

**SEGUNDO.-** Que se inclúan nos protocolos de actuación da área de Servizos Sociais, a toma en consideración dos casos nos que existen animais a cargo das vítimas así como nos protocolos policiais de intervención en situacións de violencia de xénero, reservando un número de prazas no albergue municipal de animais para supostos de urxencia adscritos ao proxecto VIOPET.

**TERCEIRO, -** Que o Concello de Ribadavia .proponha a realización de xornadas de concienciación sobre animais de compañía e violencia machista.

**CUARTO.-** Coordinar xunto á Dirección Xeral de Dereitos das Animais actividades formativas para traballadores e traballadoras públicos nos sectores relacionados coa atención a vítimas de violencia de xénero.

**QUINTO. -** Remitir o acordo plenario de adhesión ao programa VIOPET á Dirección Xeral de Dereitos dos animais dependente do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, RENC ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG.

Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

**ALCALDESA.-** VIOPET É UN PROGRAMA QUE ACOLLE DE MODO TEMPORAL, AOS ANIMAIS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA MACHISTA.

**NO CASO DE QUE A VÍTIMA DE VIOLENCIA MACHISTA NON TEÑA UN LUGAR SEGURO PARA O SEU ANÍMAL DE COMPAÑÍA SE ACTIVARÁ UN PROTOCOLO PARA BUSCARLE ACOLLIDA.**

## **7.-MOCIÓN BNG MEDIDAS FRONTE Á SUBA DE PREZOS.**

Que a comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 22 de xuño de 2022 adoptou o seguinte ditame

Estamos a padecer unha suba de prezos sen precedentes nos últimos 40 anos, que é máis grave e persistente do que se lle aseguraba á cidadanía, provocando unha perda xeneralizada do poder de compra. A medida que a suba de prezos persiste desemboca nun empeoramento xeral das condicións de vida das clases populares e o incremento da pobreza.

Asemade, as pequenas empresas e autónomos sofren do encarecemento da enerxía e os materiais, mentres unhas poucas grandes empresas amasan beneficios crecentes.

A situación está tamén a prexudicar seriamente a prestación de servizos por parte dos concellos galegos. A dispersión da poboación incrementa os custes en alumado público, recollida de lixo, abastecemento e saneamento de augas, mentres o financiamento municipal segue baixo a media estatal. A suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

1. Demandar dos gobernos central e galego que no ámbito das súas competencias adopten medidas urxentes de xustiza social fronte á suba de prezos:

- Suba salarial acorde coa suba de prezos.
- Axudas directas a autónomos, pequenas e medianas empresas.
- Suba da RISGA e das pensións non contributivas.
- Incremento das axudas para gastos básicos de vivenda.
- Aumento dos impostos para as empresas eléctricas, enerxéticas e as grandes fortunas.

.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG ; reserváanse para o Pleno os membros do PP , PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

**8.- MOCIÓN PP NOVO MAPA CONCESIONAL DE AUTOBUSES DO GOBERNO CENTRAL.**

## Que a comisión informativa de Obras e Servizos Municipais na súa sesión de data 22 de xuño de 2022 adoptou o seguinte ditame

O Novo Mapa Concesional das liñas de autobús estatais, que o Goberno central presentou o pasado 26 de maio ás Comunidade Autónomas, supón unha aldraxe a Galicia, posto que propón reducir de xeito considerable a capacidade de mobilidade dos galegos, xa de por si condicionada pola situación xeográfica periférica, a dispersión e o avellentamento da poboación.

Este novo mapa, unha das 150 medidas incluídas na Estratéxica de Mobilidade Segura, Sostible e Conectada 2030 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e no Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible, prima a rendibilidade económica e a planificación urbana e metropolitana, que son as presentan unha maior demanda, en detrimento das zonas máis rurais.

Así, nesta nova planificación o Goberno de España pretende só cubrir servizos interautonómicos o que, de entrada, supón a perda de 76 itinerarios interiores, que ata o de agora se viñan prestando.

Ademais, modifica os tráficos interautonómicos ou redúceos de xeito drástico, prevendo só paradas nas capitais de provincia ou cidades principais, o que significa que 23 municipios quedarán sen parada e sen servizo, afectando a máis de 136.000 galegos.

Os concellos que quedarían sen parada das liñas de longa distancia serían: Lalín, O Porriño, Tui, Silleda, Chantada, Melide, Allariz, Arzúa, Guitiriz, Ribadavia, A Rúa, Monterroso, O Corgo, Palas de Rei, Forcarei, Quiroga, Baralla, A Pontenova, Meira, Riós, Trasmiras, As Nogais e A Mezquita.

Todos estes cambios suporán, ademais, que os usuarios terán que combinar diferentes liñas e facer transbordos en máis de 1.000 traxectos que ata agora se prestaban de xeito directo.

**Demandar ao Goberno de España que rectifique os criterios empregados no deseño do Novo Mapa Concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia e teña en contas as peculiaridades que ten Galicia no que respecta á dispersión territorial e poboacional, promovendo a prestación de servizos de transporte interautonómicos de calidade, que garantan, cando menos, as paradas e os tráficos actuais, ademais das conexións directas existentes ata o de agora, nomeadamente no concello de Ribadavia, que é un dos 23 que, segundo a proposta do Goberno de España quedará sen parada e sen servizo.**

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PP ; reservánselle para o Pleno os membros do PSOE, RENC e BNG. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D César Fernández Gil (PP).- Se está elaborando un novo mapa concesional de autobuses a nivel estatal, é momento de facer propostas. Ribadavia queda sen parada neste novo mapa concesional. Solicitamos que o pleno pida que se manteñan as paradas.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez ( BNG).- O BNG súmase á moción, temos presentado mocións similares en outros concellos. O mapa concesional está en tramitación, chama a atención que no preámbulo se dice “ instrumento de cohesión social que contribúa ao benestar” , é todo o contrario na realidade. Se se quere que a xente viva no rural e se quita o pouco transporte público que hai. Casí todas as comunidades autónomas ten trens de cercanías, eiquí non pasan trens nin autobuses. O BNG xa demandou anteriormente a reposición das liñas de autobuses.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Non sei se se ten claro do que se fala ou hai intención de misturar. O portavoz do PP non expuso en que se concreta a retirada de servizos, en que afecta a Ribadavia.

Estamos de acordo no espírito da moción, ninguen quere que se recorten servizos. O noso grupo fixo alegacións ao Plan de Mobilidade da Xunta. A Madrid se chega moi rápido, hai un único bus de Ourense a Vigo que para en Ribadavia, a competencia é da Xunta. A Galicia rural que prometía Feijoo foi un cero.

O problema é o que eu comentei; Adif e RENFE cubren ben a comunicación con Madrid, o problema é a comunicación con Vigo ou Santiago, que é competencia da Xunta.

O PP se disfraza de defensor de Ribadavia e do transporte público, ten dobre moral.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Incidir no que dixo o compañeiro. O que trae vostede non ten sentido, é unha incoherencia total o que vostede plantexa. Isto será competencia dos seus compañeiros no Congreso.

Cando se reformou a Lei de Transporte de Galicia, vostede era deputado, eu fixen alegacións. Suprimiron as liñas dos pobos e agora ven con esta moción. Ten desmantelado o servizo de transporte de Galicia para as persoas maiores que non saben usar as aplicacións. O mesmo cos trens.

Preocúpense de reforzar o servizo en Galicia, vostede como deputado non fixo nada pola comarca.

D César Fernández Gil (PP).- Agradecer os grupos a súa posición. Hai que debatir o punto que se debate, nos estamos abertos a debatir outras cuestións que se planteen, pero o debate debe ser sobre o que se plantexa.

Alcaldesa.- A Xunta de Galicia é responsable das necesidades dos veciños do interior. O Plan de Mobilidade foi feito de espaldas aos veciños.

Hoxe mesmo tramitamos unha demanda dos veciños de San Paio ao Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas. O concello lle demandou ao Servizo de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas recuperar unha parada. A resposta aos veciños foi trasladar os horarios da estación de autobuses.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), BNG (1), abstención PSOE (4), RENC (3), fica aprobada.

#### **9.- MOCIÓN DE URXENCIA.**

Non houbo.

#### **10.-ROGOS E PREGUNTAS**

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Preguntar se a piscina abriu sen problema.

¿ Qué se fixo coas mesas retiradas na Veronza?

Os veciños demandan desbroces, van atrasados.

Non me pareceu ben que a entrega de premios da Denominación de orixe Ribeiro fose en Coruña. ¿ Foi convidado o concello de Ribadavia ¿

As obras do ambulatorio van lentas.

Alcaldesa.- As mesas as retirou a Deputación porque estaban en mal estado.

Prexigueiro foi desbrozado hoxe, estamos moi encima dos desbroces.

Fomos invitados á entrega de premios, non me pareceu ben que se fixese en Coruña, era unha oportunidade de dar pulo ao Ribeiro.

As obras do ambulatorio van lentas, polo aumento de custe do material. O proxecto para nos foi un remendo.

D César Fernández Gil (PP).- Que se cumpra o Regulamento municipal e o Regulamento orgánico de funcionamento das entidades locais, se falan dous grupos con menor representatividade que o PP, as intervencións ten que seguir a orde da representatividade, o último grupo en intervir ten que ser o PP.Nos correspondería falar de últimos.

Alcaldesa.- Se foi erro meu a indicación da orde de intervención , pido desculpas.

E sendo as nove horas e vinte minutos levantase a sesión ao non haber máis asuntos que tratar.